

SABER VER A ARTE

(A ARTE DESDE DENTRO)

por Miguel-Anxo Varela Diaz,
pintor e licenciado en Bellas Artes

Introducción:

Desde hai uns anos, a historia da Arte converteuse nunha disciplina popular. As grandes exposicións pechan con unha grande afluencia de visitantes e os museus énchense, a pesares de que por veces o prezo de entrada non é tan “simbólico”.

Non obstante, aínda que os produtos culturais pasaran a ser xa un ben de consumo case masivo, a arte e os artistas seguen a ser grandes descoñecidos. O enfoque historicista, maioritariamente aceptado, deixa moitas lagoas en cuestións básicas. Ao longo do tempo, as conversas, tertulias, foros e listas de Internet nas que participo, mesmo a celebración do curso cuadrimestral que precedeu a este, evidencian que o punto de vista dos artistas e o público son totalmente diferentes, de feito a visión da arte dos artistas é descoñecida para a maior parte da xente.

Este curso tentará achegar o punto de vista dos artistas aos amantes da arte.

Os cursos **Saber Ver a Arte I** e **Saber Ver a Arte II** que se impartiron no 2006 foron pioneiros no seu tipo. Lóxicamente, para un profesor, os cursos están en continua evolución, máis aínda se este curso se basea nunha visión persoal da arte que está en continua mudanza. Aínda que o plantexamento do ano pasado é a base do curso actual, estimei oportuno introducir cambios. Mesmo o guión xeral do curso é diferente, pois co tempo a propia experiencia de impartir este curso deume claves para mellorar a súa estrutura.

Desta vez, dado que o nivel de participación do alumnado na edición anterior foi moi alto, penso que é conveniente facer máis visitas ao exterior, reducindo as clases con diapositivas na aula, que por outra banda son máis propias de cursos baseados especificamente na Historia da Arte.

Proposta de horario:

Mércores de 5 a 6,30.

As clases durarán nesta ocasión hora e media, para evitar que a teoría poda facerse pesada.

Os días que hai visitas contan por dúas clases, dado que a duración das mesmas adoita ser grande, maior de 1,5 horas. En tres horas de visita dá tempo a ver moito máis, máis pausadamente, e mesmo a facer visitas múltiples: p. ex: Escola de Artes e Oficios e Academia privada no mesmo día.

A duración total do curso é de 30 horas, repartidas en clases de 1,5 ou 3 horas, segundo se a clase é na aula ou fóra dela.

Proposta de programa:

O programa deste curso xira en torno a cinco temas básicos:

1. Cuestións de estética, filosofía e historia da arte
2. A figura do artista e o lugar da arte
3. A arte na actualidade e no noso entorno
4. Formación do artista
5. O proceso creativo

Cada un destes temas apóiase cunha visita ou clase práctica, mais aínda que pode que o programa orixinal cambie un pouco, esta é a miña proposta:

Saber ver a Arte /2007

Nº	Cuestións de estética, filosofía e historia da arte	Horas
1	Introducción. Diferentes modos de ver a arte. Contraste entre a visión do artista e do público. A Historia da Arte. Teorías sobre o nacemento da Arte.	1,5
2	Cuestións polémicas: “O valor da tradición”, “A xenialidade”, “Os antigos utilizaban lentes?” e outras cuestións semellantes.	1,5
3	Visita a dúas coleccións privadas: unha “curiosa” (paletas, cadros, diarios...) e outra de pintura variada	3
A figura do artista e o lugar da arte		
4	O rol do artista, ao longo da historia, desde os artesáns antigos e medievais ao ego-artista actual. O artista desde o punto de vista sociolóxico e psicolóxico. O endeusamento do artista.	1,5
5	O lugar da arte, desde a maxia á relixión. O poder e a arte. O que fai que Occidente sexa Occidente: coleccionismo, museos, mercado, historia da arte e crítica de arte.	1,5
6	Visita ao Museo de Belas Artes da Coruña: a colección e o museo por dentro	3
A arte na actualidade e no noso entorno		
7	As avangardas do século XIX. A avangarda do século XX e as sucesivas reaccións en contra dela, desde o neoclasicismo de Picasso até os Stuckist.	1,5
8	Esquemas para entender a arte actual: arte oficial neovangardista e arte con tradición. Feiras, bienais e outros fenómenos do negocio actual. Os circuitos artísticos. Situándonos no mapa: Ferrol, Galiza, España, Europa... na arte do pasado e da actualidade.	1,5
9	Visita ao taller de Pedro Bueno	3
Formación do artista		
10	O ensino artístico ao longo da historia. Desde os talleres medievais ás Facultades de Belas Artes.	1,5
11	Formación do artista na actualidade, desde as clases particulares de debuxo até as escolas de Belas Artes. A importancia do debuxo e o estilo na pintura.	1,5
12	Visita á Escola de Artes e Oficios “Pablo Picasso” de Coruña (ou á Fac. De BBAA de Pontevedra)	3
O proceso creativo		
13	O proceso creativo. Exemplos e testimonios: <i>O Oficio do Pintor</i> .	1,5
14	Proxección da película “O Misterio Picasso” de G. Clouzot.	1,5
15	Cadro pintado en vivo	3
		Horas totais do curso: 30